# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA 4
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**No 1º Trimestre e 2º trimestre, valorarase se o/a alumno/a**

B1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. (CCL)

B1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. (CLL,CSC)

B1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas. (CAA,CCL)

B2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. (CCL,CD)

B2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación. (CCL)

B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. (CCL,CAA)

B3.2.2. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. (CCL,CAA)

B4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. (CCL,CSC)

B4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. (CCL,CSC)

B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.(CCL)

B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. (CCL)

B5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata 1975, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. (CCL)

B5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata 1975, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente (CCL)

B5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata 1975. (CCL)

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td>Avaliación</td><td>Procedementos:<br>• No terceiro trimestre avaliaremos a través da corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado. Terase en conta:<br>○ O interese en consultar o material de apoio para realizar ditas tarefas.<br>○ A observación das pautas indicadas pola profesora.<br>○ A coherencia, cohesión e gramaticalidade dos textos producidos.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="2"></td><td><ul><li>O emprego do dicionario para resolver dúbidas léxicas, morfolóxicas e ortográficas.</li><li>A revisión e autocorrección.</li></ul></td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<ul><li>Lectura e resumo oral ou escrito de textos (incluído o libro obrigatorio).</li><li>Actividades de lectura e comprensión.</li><li>Exercicios de ortografía.</li><li>Actividades de repaso de morfoloxía.</li><li>Comentario de textos (guiado).</li><li>Exercicios de expresión escrita creativa: diario, narración, entrevista...</li></ul></td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Para obter a cualificación final de curso partiremos da media da primeira e segunda avaliación á que se lle poderán sumar ata dous puntos polas actividades realizadas neste terceiro trimestre, que se estimará como segue:<ul><li>2 puntos: entrega todas as tarefas e están ben feitas.</li><li>1,5 puntos:<ul><li>Entrega o 75% das tarefas e están feitas con interese.</li><li>Ou entrega todas as tarefas e están feitas entre regular e ben.</li></ul></li><li>1 punto:<ul><li>Entrega o 50% das tarefas e están ben feitas.</li><li>Entrega todas as tarefas e están regular.</li><li>Entrega o 75% das actividades e están entre regular e ben.</li></ul></li><li>0,5 puntos:<ul><li>Entrega menos do 50% das actividades e están entre regular e ben.</li><li>Entrega todas as tarefas e están entre regular e mal.</li></ul></li><li>0 puntos:<ul><li>Entrega menos do 25% das tarefas e están entre regular e mal ou non entrega nada.</li></ul></li></ul></td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente (Ata o tema 5)<br>Será unha proba similar ás realizadas no primeiro e segundo trimestre.<br>De non poder realizarse de forma presencial realizarase telematicamente, ben a través dun traballo, ben por medio dun exame (proporcionando os medios necesarios), que poderá ser oral ou escrito.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td>Criterios de avaliación: Non hai cambios nos criterios de avaliación.</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:<ul><li>Os exames realizados antes do confinamento.</li><li>Os exercicios entregados antes do confinamento.</li><li>Os exercicios enviados durante o confinamento por vía telemática.</li></ul></td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:<ul><li>Exames e probas realizadas no centro antes do confinamento.</li><li>Tarefas de reforzo e recuperación propostas para este trimestre enviadas durante o confinamento.</li></ul></td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | **Son todas actividades de repaso e recuperación, decidimos non avanzar materia.**<br>Realizáronse actividades sobre:<br>• Comentarios guiados de textos literarios.<br>• Reflexión e opinión crítica sobre textos (incluído o libro de lectura)<br>• Repaso de Gramática (Categorías gramaticais)<br>• Repaso de ortografía e acentuación.<br>• Exercicios de expresión escrita: entrevista, comentario... |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado de 4º ESO está matriculado na Aula Virtual de Abalar, e dispón de algún medio para conectarse ou imprimir o material que se sobe a dita Aula Virtual ou á páxina Web do centro.<br>Por iso a metodoloxía céntrase nos medios telemáticos manexados.<br>• Apuntamentos na Aula Virtual e/ou na páxina do Centro.<br>• Entrega de actividades mediante a aplicación MOODLE e na páxina Web do Centro.<br>• Devolución das actividades corrixidas e cualificadas a través da Aula Virtual ou o correo electrónico.<br>• Resolución de calquera dúbida a través do Foro de dúbidas da Aula Virtual ou do correo electrónico. |
| **Materiais e recursos** | • O libro de texto.<br>• Apuntamentos propios en PDF dispoñibles en MOODLE e na Aula Virtual.<br>• Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A páxina Web do Centro, a Aula Virtual e o correo electrónico en caso de que fose necesario. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |